

O Barco de Valdeorras



Situación e cómo chegar

O concello do Barco está situado na parte suoriental de Galicia, na comarca de Valdeorras, ocupando parte da chaira aluvial do río Sil e entre as montañas que limitan o seu contorno. Ten unha extensión de 84 km² e limita ao norte coa Serra do Courel, ao leste cos concellos de Rubiá e Carballada, ao oeste co de Vilamartín e ao sur coa Serra do Eixe, que remata no Macizo de Trevinca (2.127 m.), onde están os máximos cumes de Galicia.

O clima é de carácter oceánico-mediterráneo, con veráns calorosos e secos e invernos moderados en precipitacións e temperaturas.

O Barco é a capital da Comarca de Valdeorras e o seu centro comercial e de servizos, e conta con preto de 15.000 habitantes. Pódese chegar ao Barco por tren, pola liña de Palencia á Coruña, e por coche, pola N-120, que comunica a zona coas capitais galegas do sur e, enlazando coa A-6 no Bierzo, coas cidades do norte de Galicia e coresto do mundo.

A economía xira ao redor da lousa: a súa extracción, elaboración e comercialización dálles traballo a unhas 3.000 persoas de xeito directo e a moitas máis nas empresas relacionadas.

A viticultura é unha antiga ocupación que está sendo dinamizada coa plantación de viñedos con castes autóctonas e a elaboración de caldos de gran calidade en adegas provistas da última tecnoloxía. Tamén no sector primario é importante a comercialización das castañas que, de alta calidade, producen os souts valdeorreses.



A nosa historia



Nalgunhas covas da Serra da Lastra acháronse restos humanos primitivos. En lugares próximos ao Barco hai petróglifos e asentamentos castrexos. Os gegurros, un dos pobos que formaban parte do convento asturicense, eran os antigos poboadores destas terras e dese xentilicio deriva o topónimo actual da bisbarra (Valde-giorres).

A romanización foi intensa nun territorio tan estratéxico como rico en minerais, onde son frecuentes as pegadas da actividade extractiva. Por Valdeorras pasaba a Vía Nova (a XVIII do itinerario de Antonino), que unía Braga e Astorga, e outras vías secundarias que obrigaron a construír pontes que son testemuña daquela época.

Na Idade Media o Señorío de Valdeorras foi administrado pola nobreza. Condes de Lemos, Marqueses de Vilafranca e Condes de Ribadavia foron marcando os seus destinos. A fortaleza do Castro é o referente daquela época. Esta pequena vila foi cabeza de xurisdición ata comezos do s. XIX. Os mosteiros da veciña comarca do Bierzo e a Orde de San Xoán de Xerusalén compartiron coa nobreza a administración destas terras.


En 1809 grupos de guerrilleiros valdeorreses ao mando do abade de Casoi impediron, en Sobradelo, o paso das tropas francesas do mariscal Soult. A finais dese mesmo século, Valdeorras, que estivera representada nas Cortes de Cádiz polo liberal Ruiz de Padrón, ábrese ao mundo moderno co ferrocarril, que chega en 1883, poucos anos antes de construíren no Barco a ponte de San Fernando, esencial para mellorar a comunicación da bisbarra.



O patrimonio histórico

O mosteiro de Xagoaza

O visitante encontra aquí un lugar silencioso, recollido e con moito encanto. Na igrexa de San Miguel (S.XII) a cruz de Malta, esculpida sobre a porta principal, recorda que foi lugar administrado pola Orde de San Xoán de Xerusalén. A porta sur e a ábsida semicircular deixan constancia da arte románica. O chamado mosteiro é unha sobria construción do S.XVIII, convertida en moderna adega para a elaboración de viños de godello. Nas súas proximidades encóntrase unha casa restaurada cunha adega cova escavada na rocha. Seguindo o río augas arriba chégase a un lugar cheo de maxia: unha rústica ponte dun arco ao pé das ruínas dunha acea, entre a mesta vexetación e o son das augas do río Mariñán.



A Vila do Castro

Ofrece unha ampla vista sobre a chaira na que se asenta O Barco. Destacan os restos da súa fortaleza, que pertenceu ao longo do tempo as familias dos Castro, Pimentel e Sarmiento, estes últimos derradeiros señores da xurisdición de Valdeorras. Tamén chama a atención a igrexa parroquial, a casa Carballo, con solainas entre arcos a dous niveis, e principalmente o pazo de Flórez. Data de 1630 e ten unha orixinal fachada con seis arcos de pedra vermella do país sobre o amplo soportal. Astoreira está acondicionado como a loxamento turístico, conservando a moblam ento, decoración e obras de arte orixinais.



Viloiira - O Barco Vello - Éntoma

O Barco Vello ten o río e o antigo camiño real como referentes. A praza Maior, de forma triangular e aberta ao Sil, é o centro simbólico da Vila. Nela destaca a casa vermella do Casino (1910) con reminiscencias modernistas. Conflúe a praza no seu vértice coa igrexa parroquial de San Mauro (1927), onde comeza a rúa Escura ou de San Mauro. Desta baixase ao Porto da Barca, antigo embarcadorio da lancha que unía O Barco con Viloiira

ata finais do século XIX. A rúa Real ten casas de señorío, dúas delas con escudo, e outras máis modestas, como as da rúa de San Roque, nas que se aprecia a tipoloxía da construción tradicional. Pasando a vía do tren está a Casa de Río Cigüeño (S.XVII), rehabilitada para uso administrativo.

Viloiira, na marxe esquerda do Sil, e comunicado co Barco Vello por unha pasarela peonil, conta cunha fermosa praza e a Casa Grande (1637), espléndido edificio señorial que acolle os servizos comarcais da Xunta de Galicia. Nos seus arredores atópase o novo miradoiro, construído sobre as ruínas da antiga ponte de San Fernando, para ver O Barco dende unha perspectiva única.

Nos arredores do Barco pódese visitar a localidade de Éntoma, que ten unha ponte antiga sobre o río Galir, nunha das vías secundarias trazadas polos romanos. A pequena igrexa da Proba ten sinais da arte románica no seu exterior.



Espazos naturais

A paisaxe en Valdeorras é o seu principal atractivo. As viñas nas ladeiras e os souts de castiñeiros centenarios conforman unha deliciosa estampa que acada no outono un cromatismo espectacular. Sen saír do Barco pódese pasear pola ribeira do Sil, desde o Camiño Real ata a Praia do Ouro e, cruzando o río por unha pasarela peonil, pola área recreativa do Salgueiral, onde colonias de patos, garzas e cegoñas asentaron a súa morada.

Un sitio moi coidado e con numerosas árbores autóctonas, é o que arrodea o Mosteiro de Xagoaza, xunto ao río Mariñán, nas proximidades do Barco.

Unha ruta para andar sinalizada conduce a este lugar desde O Barco polo Córrego -antiga ponte sobre o río Forcadela- e o núcleo histórico do Castro, onde chaman a nosa atención un grupo de adegas cova.

Na aldea de Fervenxa está a pincheira de Portomao, xunto as ruínas dunha antiga ferrería e un par de muíños de auga. Para outear o val desde as alturas pódense realizar camiñadas que ofrecen unha visión panorámica da bocarribeira valdeorresa: o camiño entre Alixo, Domiz e Candeda, voltando campo a través pola Serra do Eixe; entre Santa Mariña do Monte e Correxais, ao abrigo do Mouzón, ou a ascensión ás Tres Marias desde a aldea abandonada de Reporicelo, no extremo norte do territorio municipal.



Camiño de Santiago de Inverno

O Camiño de Inverno, nova ruta de chegada a Compostela, é tamén coñecido como Camiño do Sur. Era usado polos peregrinos na época de inverno (por iso a súa denominación), para evitar o paso polos nevados montes do Cebreiro e os desbordamentos dos ríos. Pola Comarca de Valdeorras discorren 30 quilómetros desta ruta.



No Barco, o camiño iníciase na localidade de Éntoma antes de chegar á cabeceira do Concello, onde entra pola Rúa Real, e sae pola Proba, logo de atravesar o Barco Vello, e o paseo do Malecón. O Albergue de Xagoaza, a un quilómetro da cidade, está a disposición dos peregrinos.

Axenda

Concello	988 32 02 02
	988 32 00 10
Estación de Tren	988 32 03 30
Estación de autobuses	988 32 59 46
Taxis	988 32 09 89
Casa da Cultura	988 32 00 53
Biblioteca Pública	988 68 41 57
Policia Local	616 40 28 80
Garda Civil	988 32 03 81
Incendios forestais	988 32 51 44
Bombeiros	988 31 08 62
Urxencias Hospital	988 33 90 00
Centro de Saúde	988 32 57 94

Festas e tradicións



Festa do Botelo

O Barco de Valdeorras celebra a Festa do Botelo todos os anos, a finais de xaneiro. Trátase dun evento festivo e gastronómico que organiza o Concello para exaltar o embutido máis singular de cantos se elaboran coa matanza do porco.

Un vello refrán da vila di: “do mar o mero; do Barco, o botelo”.

O produto é un gran obsequio gastronómico, xa descrito en tempos dos romanos, que as xentes do Barco ofrécenlles aos seus familiares e amigos. O recoñecemento deste marxar único e singular deu un gran paso coa resolución da Xunta de Galicia de 8 de agosto de 2008, pola que se aprobou o rexistro de Indicación Xeográfica para o Botelo.



Camiño das Covas

As saborosas castañas valdeorresas van ocupando un posto de honra na cocíña actual e a gran riqueza micolóxica dos montes convoca numerosos afeccionados no outono, o tempo dos magostos.

Os viños da D.O. Valdeorras teñen na godello a variedade estelar. Son brancos de grande personalidade, de intensos e orixinais aromas. Trátase dun dos mellores viños brancos do mundo. Os tintos ofrecen un presente consolidado coa uva mencia e un porvir aberto a outras variedades e mesmo aos crianzas. Os monovarietais de mencia presentan unha atractiva cor vermella-cereixa e expresións aromáticas que lembran as froitas silvestres.



As augardentes pechan o ciclo do viño con destilados que asentan a súa elaboración nunha rica tradición popular.



con influencias urbanas. A Semana Santa ten na procesión dos caracois no Castro o punto de maior interese. O 1º de maio ten lugar no Barco a festa dos Maíos e o 22 do mesmo mes a de Santa Rita. Polo Corpus as rúas do casco vello aparecen cubertas de alfombras vexetais. No verán abundan as festas patronais e as romarías. En agosto é a festa das barcas, coa que se celebra a recuperación da tradicional embarcación do Sil. As Festas do Cristo, o 14 de setembro, son as máis populares da bisbarra e nelas ten lugar o Descenso do Sil en piraguas, unha proba deportiva que vai cumprir 50 anos.

Produtos da terra

As saborosas castañas valdeorresas van ocupando un posto de honra na cocíña actual e a gran riqueza micolóxica dos montes convoca numerosos afeccionados no outono, o tempo dos magostos.

Os viños da D.O. Valdeorras teñen na godello a variedade estelar. Son brancos de grande personalidade, de intensos e orixinais aromas. Trátase dun dos mellores viños brancos do mundo. Os tintos ofrecen un presente consolidado coa uva mencia e un porvir aberto a outras variedades e mesmo aos crianzas. Os monovarietais de mencia presentan unha atractiva cor vermella-cereixa e expresións aromáticas que lembran as froitas silvestres.



Excursións no contorno



Marcando os lindes da comarca coas Terras de Trives está a ponte do Bibei, fermosa obra romana que resiste o paso do tempo. Alí mesmo un par de miliarios sinalan o paso da Vía XVIII. A ponte da Cigarrosa, entre A Rúa e Petín tamén é de interese para o visitante.


A Idade Media ten no castelo do Bolo un endave sobranceiro. Contén un pequeno museo sobre a vida no recinto amurallado e un miradoiro. Preto de alí hai que visitar o Santuario da Virxe das Ermidas, fastosa obra barroca levantada nun enclave de singular beleza. Nel celébrase na Semana Santa o su famoso “Vía Crucis”. Saíndo do Barco pola antiga estrada de Ponferrada, a tan só 20 km. do Barco, na veciña comarca do Bierzo, está a paraxe arqueolóxica das Médulas, antiga explotación aurífera que foi declarada Patrimonio da Humanidade.

Serra da Lastra - Trevinca

A natureza móstrase xenerosa nos grandes espazos naturais de montaña. O Parque Natural da Serra da Enciña da Lastra, no veciño concello de Rubiá, é o dominio da vexetación mediterránea, as formacións calcarias, as rapaces e os morcegos. Ademais de Parque Natural, a serra foi declarada Zona de Especial Protección para Aves (ZEPA). Chégase pola N-120 en dirección a Ponferrada, partindo de Biobra, onde está o Centro de Interpretación.

O Macizo de Trevinca, con varios cumes superiores aos 2.000 metros, atesoura fragas de alto valor para a biodiversidade, como O Teixadal de Casaió, é berce de fermosos ríos (Bibei, Xares, Casoi, Cabreira e Tera), lagoas solitarias (O Ocelo e A Serpe) e abundosas pegadas do tempo das glaciacións. Accédesse desde Sobradelo pola estrada de Casaió e desde Ponte e Vilanova, no concello da Veiga.





Lugares de interese

1. Casa do Concello
2. Edificio Municipal de Usos Múltiples
3. Casa Grande de Vioira - Xunta de Galicia
4. Casa de Río Cigueño - Centro Comarcal
5. Servizos Sociais / CM C
6. Residencia Terceira Idade Virgen de Fátima
7. Centro Social
8. Escola Infantil Municipal
9. Delegación de Facenda
10. Rexistro da Propiedade
11. Notaría
12. Seguridade Social - INSS
13. Policía Local
14. Garda Civil
15. Protección Civil
16. Hospital Comarcal Valdeorras
17. Centro de Saúde
18. Cruz Vermella
19. Estación do tren
20. Estación de autobuses
21. Correos e Telégrafos
22. Praza de Abastos
23. ITV
24. Punto Limpio
25. Cemiterios do Barco e de Vioira
26. Teatro Lauro Olmo e Conservatorio
27. Biblioteca Delgado Gumián
28. IES Martaguisela
29. IES Lauro Olmo
30. CEB Condese de Feneosa
31. CEB Julio Gumián
32. CEB Otero Pedrayo
33. Odeio Divina Pastora
34. Centro de Formación e Recursos (CEFCRE)
35. Centro de Formación Ocupacional La Cerámica
36. Estado Municipal de Cataguiños
37. Pavillón Polideportivo
38. Piscinas Municipais
39. Pistas deportivas
40. Pavillón Vello de Deportes

Referencias

41. Viveiro de Empresas
42. Piscina Climatizada
43. Pista de Tenis
44. Pista Deportiva de Fútbol
45. Aparadoriro de Carabanas
46. Pista Deportiva
47. Camiño Peonil
48. Casa da Xuventude
49. Edificio Sindical
50. Xulgados
51. Torre do Castro
52. Miradorio da Ponte de San Fernando
53. Bodega Cooperativa Jesús Nazareno
54. Tanatorio Valdeorras
55. Tanatorio La Cruz
- Información
- Praia
- Merendeiros
- Paseo / Parque
- Zona Arboada
- Zona de Pesca
- Parada de Taxi
- Igrexa
- Estacionamento
- Odeio
- Punto de interese
- Vista Panorámica
- Estación de Autobús
- Camiño de Santiago
- Cemitorio
- Tanatorio
- Cine / Teatro
- Estación do Tren